



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE PEÓN FORESTAL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS. PROGRAMA APROL RURAL XUNTA DE GALICIA 2024.**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso-oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **DOUS postos de peón forestal** do Concello de Cabana de Bergantiños.

Tendo en conta a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) ( DOG nº 17, de 24/01/2024)

Esta convocatoria vai dirixida a persoas **desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.**

Esta circunstancia deberase cumprir tanto no momento da selección coma na da formalización do contrato vinculado a programas de activación para o emprego.

O concello é o responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego

Os traballadores/as que fosen contratados, por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, NON poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas ao abeiro desta convocatoria (Art. 14.2 da Orde reguladora da subvención).

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como os colectivos que se describen no art. 14.5 da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) ( DOG nº 17, de 24/01/2024).

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate a/o cónxuxe, parexa de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento (art. 14.5 último parágrafo da Orde reguladora da subvención).

### **2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN.**



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

O contrato laboral que se realizará ca persoa seleccionada, será de duración determinada a xornada completa e cuxa duración de nove meses, baixo a modalidade de contrato vinculado a programas de activación para o emprego ( DA novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego) TIPO DE CONTRATO 405

### 3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.

- **Número de postos de traballo: 2 (DOUS)**
- **Clase:** persoal laboral temporal xornada completa
- Os aspirantes deben posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- **Denominación do posto:** peón forestal
- **Funcións:** labores típicas do posto, especialmente desbroce e limpeza de pistas para evitar riscos de incendio.
- **Retribucións:**
  - o TOTAL SALARIO MENSUAL 1.323,00€, dos que 1.134,00 € son en concepto de salario base e 189,00 € son en concepto de paga extra prorrateada)
- **Duración do contrato:** 9 meses
- **Xornada:** 100%
- **Grupo de cotización:** 10

### 4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a. Ser español ou española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou cónxuxe dun ou dunha español ou nacional de algún estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. Demais estranxeiros ou estranxeiras residentes legalmente en territorio español de acordo ó establecido na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.
- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ó posto de traballo.
- c. Ter cumpridos os dezoito (18) anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e. Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- f. Ter a condición de demadante de emprego acreditada polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- g. Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

Igualdade no no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

## 5.- CONVOCATORIA E INSTANCIAS.

1.- O concello debe realizar a selección formulando oferta ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), segundo o procedemento descrito no art. 14.3 da Orde reguladora da subvención.

Recibida no Concello a listaxe de candidatos remitidos polo SPEG abrírase o prazo de presentación de solicitudes, previa comunicación telefónica deste dato aos aspirantes preseleccionados polo SPEG.

As solicitudes para participar no proceso selectivo axustarase o modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **2 días naturais**, contados dende a recepción da listaxe de candidatos remitida polo SPEG.

Na data de presentación de solicitudes, os e as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria. Os ou as aspirantes con algunha discapacidade deberán indica-lo na súa solicitude, e de ser o caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización das probas, de ser necesario.

As instancias dirixiranse ao alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello, sito en A Carballa s/n, Cesullas, 15115 Cabana de Bergantiños, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, e deberá ir inexcusablemente acompañada da seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.  
No caso de presentar copia simple esta administración poderá pedir en calquer momento o orixinal.
- b) Declaración xurada de non ter sido contratado por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista** provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello, así coma na páxina web municipal. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **1 día natural** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado o cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

## 6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 4.e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Tódolos e tódalas vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no artigo 24 da mesma lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e da Secretaria.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as gratificacións correspondentes de cumprirse co disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Os membros do tribunal son os seguintes:

Presidente: José M. Varela Lema. Suplente: María Garrote López

Secretaria: M<sup>a</sup> Silvana Facal Martínez. Suplente: Yolanda Ímia Antelo.

Vogais:

- José M. Parga Eiroa. Suplente: Patricia Chas Filgueiras.

- Javier Manuel Lozano García. Suplente: Margarita María Docanto Alonso

- Cristina Morandeira Muíño. Suplente: M<sup>a</sup> Cristina Candal Rey.

## 7.- SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O procedemento empregado para a selección dos e das candidatos/as, será o de consistente no desenvolvemento dunha proba práctica determinada polo Tribunal de selección, de duración máxima de dez minutos, que estará relacionada co posto de traballo a cubrir e funcións a



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

desenvolver, concretamente co manexo de utensilios e maquinaria propios do oficio de peón forestal.

1. **Fase concurso:** (Puntuación máxima: **2 puntos**): estar en posesión do carné de conducir B1.
2. **Fase de oposición:** (Puntuación máxima: **4 puntos**).

## 8.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO

Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no proceso de selección detallando a puntuación obtida en orde decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

No caso de que persista o empate, resolverase tendo en conta ao candidato/a que leve mais tempo como demandante de emprego.

A resolución nomeando aos candidatos e candidatas seleccionados será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://sede.cabana.gal/sxc/es/>

Concederáse un prazo de tres días hábiles dende a resolución de nomeamento para que os candidatos presenten:

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- Certificación/informe médico actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- Documento no que conste número de afiliación á Seguridade Social ou copia da tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.
- Acreditación da súa situación como demandante de emprego acreditada polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algunha.

## 9.- NORMA FINAL

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Documento asinado dixitalmente.